


**2.2 ORDENANZA FISCAL  
TAXA EXPEDICIÓN DE  
LICENZA DE APERTURA  
DE ESTABLECEMENTOS**





2.—Os citados acordos provisionais, foron expostos ao público no taboleiro de anuncios deste Concello, BOP de 1 de xuño de 2012 nº 105 durante o prazo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3- Durante o mencionado prazo non foron presentadas alegacións nin reclamacións, polo que de conformidade coas disposicións vixentes os acordos provisionais enténdense definitivamente adoptados, publicándose o texto íntegro dos mesmos no BOP e entrando en vigor coa citada publicación.

**ANEXO A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN  
DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

*PRIMEIRO.—TARIFAS.*

ACTIVIDADE SIN PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL: só tributan pola superficie.

ACTIVIDADE CON PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL: 600 €

ACTIVIDADES TEMPORAIS OU EVENTUAIS: 100 €

RECARGO DE SUPERFICIE:

— Primeiros 50 m<sup>2</sup>c: 200 €

— Entre 50 ate 200 m<sup>2</sup>c: 300 €

— Entre 200 ate 500 m<sup>2</sup>c: 500 €

— Máis de 500 m<sup>2</sup>c: 800 €

CAMBIOS DE TITULARIEDADE: 100 €

Os importes indicados non inclúen o custe de inserción dos anuncios nos casos previstos na normativa aplicable, debéndose liquidar de maneira separada e estando constituído o seu importe polas tarifas que se establezan polos boletíns oficiais e polos medios de comunicación nos que sexan publicados os anuncios preceptivos; importes que serán aboados polos suxeitos pasivos desta taxa.

*TERCEIRO: DATA DE APROBACIÓN.*

A presente modificación desta Ordenanza fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de maio de 2012, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo poderá interperse recurso Contencioso- Administrativo, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que establezan as normas reguladoras desta xurisdición.

Pola presente achégolle vía E MAIL e por correo ordinario, publicacións referidas a aprobación definitiva da modificación do tipo de gravame da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Tomíño, 31 de xullo de 2012.—A Alcaldesa, Sandra González Álvarez.

2012007755

**E D I C T O**

1.—O Concello de Tomíño na súa sesión do pasado 24 de maio de 2012, adoptou con carácter provisional a modificación do tipo de gravame da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, co texto que se acompañan no ANEXO.

2.—Os citados acordos provisionais, foron expostos ao público no taboleiro de anuncios deste Concello, BOP de 1 de xuño de 2012 nº 105 durante o prazo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.





3- Durante o mencionado prazo non foron presentadas alegacións nin reclamacións, polo que de conformidade coas disposicións vixentes os acordos provisionais enténdense definitivamente adoptados, publicándose o texto íntegro dos mesmos no BOP e entrando en vigor coa citada publicación .

#### A N E X O

Artigo 3º.3.—O tipo de gravame, será o 3,5 por 100.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza fiscal aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de maio de 2012, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Tomiño, 31 de xullo de 2012.—A Alcaldesa, Sandra González Álvarez.

2012007754

\* \* \*

#### VILA DE CRUCES

#### E D I C T O

Aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2012, a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Vila de Cruces, expónse ó público no Departamento de Intervención deste Concello, polo prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, se poidan presentar as reclamacións que se estimen oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes. En caso de non haber reclamacións considerarase aprobado definitivamente.

Vila de Cruces, a 30 de xullo de 2012.—O Alcalde, Jesús Otero Varela.

2012007531


#### E D I C T O

Aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2012, a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis do Concello de Vila de Cruces, expónse ó público no Departamento de Intervención deste Concello, polo prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, se poidan presentar as reclamacións que se estimen oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes. En caso de non haber reclamacións considerarase aprobado definitivamente.

Vila de Cruces, a 30 de xullo de 2012.—O Alcalde, Jesús Otero Varela.

2012007532

\* \* \*



As mensualidades establecidas pola entidade responsable cobraranse por adianto, do 1 ó 10 de cada mes a través dunha entidade financeira.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª

Facúltase ó Alcalde-Presidente do Concello de Tomiño a dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento. Correspóndelle ó Concelleiro/a de Servicios Sociais dirixi-la coordinación do Concello co CEMP.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL 2ª

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL 3ª

Para o non previsto neste regulamento estarase ó disposto na Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Lei 7/85 de 2 de abril e regulamentos que a desenvolven e na Lei 4/93 do 14 de abril de Servicos Sociais, Lei 3/97 de 9 de xuño Galega da Familia, a Infancia e Adolescencia e demais normativas autonómicas de protección da familia, infancia e menores.

En Tomiño, a 19 de decembro de 2003.—O Alcalde, José Luis Fernández Lorenzo.

### A N U N C I O

O Pleno deste Concello, na súa sesión de 19 de decembro actual aprobou definitivamente a modificación de Ordenanzas Fiscais para o ano 2004 das taxas que de seguido se relacionan. Ós efectos establecidos no artigo 17 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, publícase o texto íntegro das modificacións aprobadas:

#### 1ª.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

##### ARTIGO 1ª.—FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/1998 do 13 de xullo de Modificación do Réxime Legal das Taxas e Reordenación das Prestacións Patrimoniais de carácter público, este Conce-

llo establece a Taxa pola expedición de Licencia de Apertura de Establecementos, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal.

##### ARTIGO 2ª.—FEITO IMPONIBLE

1.—Constitúe e feito imponible da taxa, a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si os establecementos industriais, mercantís e de servicos, reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade, medioambientais e calesquera outras esixidas polas correspondentes normativas sectoriais, Ordenanzas e Reglamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento.

2.—A realización do feito imponible terá lugar pola prestación dos servicos técnicos e administrativos que se orixinen pola solicitude do suxeito pasivo ou como consecuencia da actividade inspectora municipal, nos casos nos que se descubra a existencia de actividades que non estén plenamente amparadas pola correspondente licenza.

3.—A tal efecto, estarán suxeitos a esta Taxa:

- A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, profesional ou de servicos.
- A ampliación da actividade e/ou superficie de establecementos con licenza de apertura, aínda que continúe o mesmo titular.
- Reforma ou calquera alteración que se leve a cabo no establecemento e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
- O cambio de titularidade ou razón social permanecendo invariable a actividade.

4.—Os efectos desta Taxa entenderáse por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ó aire libre, esté ou non aberto ó público, destinado a calquera uso distinto ó de vivenda, donde habitual ou temporalmente se exerce ou se vaia exercer calquera actividade empresarial fabril, industrial ou artesana, da construción, comercial ou de servicos, ou complementaria das anteriores, que requira a obtención de licenza municipal para a súa apertura ou funcionamento, en virtude de norma xurídica.

Enténdese por actividade complementaria, aquela que teña relación coa actividade principal de xeito que lle proporcionen beneficios ou aproveitamento, aínda que non se dedique ó seu exercicio, asimesmo as delegacións ou sucursais, de entidades xurídicas, oficinas, despachos ou estudos.

##### ARTIGO 3ª.—SUXEITO PASIVO

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso,

desenvolvida en calquera establecemento industrial ou mercantil en xeral.

2.—Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios dos devanditos establecementos, os cales poderán repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo ou actividade.

#### ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 5º.—BENEFICIOS FISCAIS

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas no rango de Lei ou os derivados de Tratados ou Convenios Internacionais, de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 36/1988, do 28 de decembro.

#### ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA

A cota total a satisfacer será o resultado de sumar unha cota de tarifa, en función do tipo de actividade, máis un recargo adicional en función da extensión en metros cadrados do establecemento dedicado á actividade de que se trate, según a definición establecida para o mesmo no apartado 4 do artigo 2º.

A cota de tarifa e o recargo e superficie serán os que se definen no Anexo a esta Ordenanza.

En todo o caso, os importes sinalados neste Anexo non inclúen o coste de inserción dos anuncios nos casos previstos na Lei, debendose liquidar de maneira separado e estando constituído o importe polas tarifas que se estableceran polos medios de difusión elexidos.

#### ARTIGO 7º.—DEVENGO

1.—Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos entenderáse iniciada a actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de apertura, si o suxeito pasivo a formulase expresamente, momento no que deberá efectuarlo ingreso da taxa en calidade de depósito previo.

2.—Cando a apertura tivera lugar sin a obtención previa da licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, sen prexuízo da iniciación dun expediente administrativo que poida inscribirse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, se a mesma non fora autorizable.

3.—A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningún modo, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento.

4.—Ata tanto non recaiga acordo ou resolución municipal sobre a concesión da licenza, os interesados poderán desistir ou renunciar expresamente a ésta. Neste caso, precederá a devolución da Taxa ingresada según as seguintes contías:

- O 50%, cando o desestimento ou renuncia se presente despois de que os servizos técnicos do Concello practicasen as pertinentes inspeccións e se emitira o correspondente informe. No caso de actividades calificadas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas, cando a renuncia ou desestimento se produza antes de solicitar os informes sectoriais preceptivos.
- O 100%, cando o desestimento ou renuncia se presente antes de que por parte do Concello se realizara ningunha actuación conducente ó outorgamento da licenza.

#### ARTIGO 8º.—XESTION

1.—As persoas interesadas en obter unha licenza de apertura de establecemento, presentará previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, acompañada da documentación que complete a súa petición, así como do xustificante de abono da taxa.

2.—Si despois de formulada a solicitude de licenza de apertura e practicada a autoliquidación da taxa e o seu ingreso, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberán comunicarse á Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número anterior.

3.—A autoliquidación presentada polo contribuínte, ós efectos desta ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa. Finalizada a actividade municipal, e unha vez dictada a Resolución que proceda sobre a licenza de apertura, practicarase, si procede, a liquidación definitiva correspondente, que será notificada ó suxeito pasivo.

#### ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIONES

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.



## DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, foi aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación na data do 19 de decembro de 2003, comenzando a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil catro, continuando en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

**ANEXO A ORDENANZA FISCAL REGULADORA  
DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENCIAS  
DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

## PRIMEIRO.—TARIFAS

COTA DE TARIFASIMPORTE €

Actividades non calificadas ou inocuas: Só tributarán por recargo de superficie.	
Actividades calificadas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas	600 €
Actividades calificadas do apartado anterior que requiran Declaración de Impacto Ambiental	900 €
Actividades temporais ou eventuais	100 €
Bancos, Caixas de Aforros e demais Entidades financeiras que se instalen dentro de término municipal (só tributarán por cota de tarifa sin que lles sexa de aplicación o recargo de superficie)	7.500 €
Recargo de superficie:	
Importe fixo	200 €
Ata 25 m <sup>2</sup> : Importe fixo.	
De 25 ata 50 m <sup>2</sup> : O importe fixo máis 5 € por cada m <sup>2</sup> que exceda de 25.	
De 50 ata 100 m <sup>2</sup> : O importe de 325 € máis 3 € por cada m <sup>2</sup> que exceda de 50.	
De 100 ata 200 m <sup>2</sup> : O importe de 475 € máis 2 € por cada m <sup>2</sup> que exceda de 100.	
De 200 ata 500 m <sup>2</sup> : O importe de 675 € máis 1,50 € por cada m <sup>2</sup> que exceda de 200.	
De máis de 500 m <sup>2</sup> : O importe de 1.125 € máis 1 € por cada m <sup>2</sup> que exceda de 500.	

## SEGUNDO: OTRAS NORMAS DE XESTIÓN

1.—Os traslados de locais, dentro do término, terán unha redución sobre a cota resultante, do 50% da mesma.

2.—No caso de licencias para a ampliación de actividade, ós efectos de cálculo do recargo de superficie, considérase somentes a superficie en m<sup>2</sup> que supón tal ampliación.

3.—Tratándose dun cambio de actividade, aínda que continúe o mesmo titular, considérase toda a superficie do local.

4.—Nos traslados motivados por unha situación de emerxencia por derribo forzoso, afundimento, incendio, etc., aplicarase unha bonificación do 80 % da Tarifa resultante, polo outorgamento de licencia para apertura dun local que substitúa temporalmente o local titular. Unha vez reparado e reconstruído o devandito local titular, e sempre que sexa para a mesma actividade, a licencia de apertura do mesmo non devengará nova Taxa.

## TERCEIRO: DATA DE APROBACIÓN

Acordo do Pleno da Corporación de data dezanove de decembro de dous mil tres.

Tódalas modificacións aprobadas entrarán en vigor despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, con efectos do 1 de xaneiro de 2004.

Contra este acordo poderá interporse recurso Contencioso- Administrativo, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na forma e prazos que establezcan as normas reguladoras desta xurisdicción.

**2º.—MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL  
REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN  
DE LICENCIAS URBANÍSTICAS**

## A N E X O

**TARIFAS APLICABLES A TAXA  
POR LICENCIAS URBANÍSTICAS**

1.—Taxa por expedición de licencia urbanística 1,5% do presuposto de execución material do proxecto.

Establécese un mínimo no caso de que a cota tributaria non supere a cantidade de 30,05 euros.

En todo caso, os importes sinalados neste Anexo non inclúen o custe de inserción dos anuncios nos casos previstos na Lei, debéndose liquidar de maneira separada e estando constituído o seu importe polas tarifas que establezcan os medios de difusión elexidos.

2.—Taxa por parcelacións ou segregación: 90,15 € .

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza fiscal aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o dezanove de decembro de 2003, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

